

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 25 de xuño de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 14 de maio de 2021 e á sesión extraordinaria do 03 de xuño de 2021.
- \* Aprobación das contas anuais correspondentes ao 2020.
- \* Aprobación das medidas sobre o inicio do curso académico 2021/22 nos centros docentes da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da solicitude de profesor emérito do profesor José Chavete Rodríguez.
- \* Aprobación de primeiras edicións de cursos de especialista:
  - I Curso superior de Autonomía de Mozos e Mozas no Sistema de Protección.
  - I Curso de especialista en Innovación Educativa para unha Educación Transformadora no Ámbito Escolar e Comunitario.
- \* Renovación da comisión de servizos da profesora María Inmaculada Valeije Álvarez do Departamento de Dereito público.
- \* Aprobación do plan de retención de talento para 2021.
- \* Aprobación da transformación do profesorado axudante doutor que remata contrato en profesorado contratado doutor interino.
- \* Nomeamento de Luis Liz Marzán como investigador honorífico da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da modificación do artigo 8.2 do Regulamento de Rexistro Electrónico da UVigo.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Educación e Traballo Social.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno do Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic).
- \* Elección dun representante na Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP): Sector PDI:
  - Rebeca Pilar Díaz Redondo. Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.